

TEMA 16. A I REPÚBLICA: PROXECTO DE CONSTITUCIÓN FEDERAL E CANTONALISMO¹

ORIENTACIÓNS DA PAU:

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado deberá referenciar xenericamente o paso da monarquía de Amadeo de Savoia (chea de dificultades) a un réxime republicano inestable e moi cuestionado. Como consecuencia do anterior, explicará a falta dun modelo consensuado de república; o xurdimento do movemento cantonal, a división entre os republicanos federais así como o proxecto de constitución federal.

Os documentos obxecto de comentario farán referencia a

- o proceso de proclamación da I República
- o problema do cantonalismo
- o proxecto de constitución federal.

DIFICULTADES DA MONARQUÍA DE AMADEO I

Amadeo de Savoia aceptou a Coroa e xurou a Constitución o 2 de xaneiro de 1873. Amadeo tiña formación militar, un carisma ausente e descoñecía do castelán. Non o quería nin a aristocracia (que o vía como un estranxeiro intruso), nin a Igrexa (por admitir a liberdade de culto), nin o pobo en xeral, que inventou numerosos alcumes (don Macarrone I) e contou co rexeitamento sistemático d, por diferentes motivos, de carlistas, afonsinos e republicanos.

O 2 de febreiro de 1874 comunicou a súa decisión de renunciar ao trono. O seu foi un reinado inzado de problemática que non puido ou soubo superar:

1. O seu principal valido, Prim, é asasinado días antes de que chegase Amadeo.
2. A inestabilidade no goberno pola ruptura da coalición gobernamental formada por unionistas, progresistas e demócratas.
3. A Terceira Guerra Carlista iníciase en 1872 e prosegue até 1876. Os carlistas son fortes nas provincias vascas e Navarra e teñen presenza en Cataluña.
4. A Guerra de Cuba iniciada en 1868 non ten final no seu reinado.
5. A oposición dos republicanos tentou facer imposible o reinado

O italiano Amadeo de Savoia renuncia ao trono e devolve a Coroa ás Cortes. O 11 de febreiro de 1874, Congreso e Senado reunidos conxuntamente nunha Asemblea Nacional e, ante a falta de alternativas (e sendo maioritariamente monárquicos), votan proclamar a **Primeira República Española**. Esta Asemblea Nacional nomea presidente a Estanislao Figueras, que estará apenas catro meses no cargo.

DIVISIÓNDOS REPUBLICANOS

Pronto xurdiron enfrontamentos entre os propios republicanos acerca de como organizar territorialmente o Estado, diferenciándose tres vías ou opcións:

1. **Unitarios**: a república debe ser unitaria, moi centralizada e sen diferenzas territoriais (defendida por liberais doutrinarios).
2. **Federalistas gradualistas**: defendían a configuración da federación desde arriba, é dicir, que unhas Cortes constituíntes da nación española decidisen e organizasen o reparto de poderes entre o Estado federal e os Estados que formasen a federación (defendida por liberais democráticos, como Francisco Pi i

¹ Material de Miguel Abaira [<https://drive.google.com/file/d/1khLG3jp07qqSbZb0aZRxupl5DyHl9uA5/view>] e manual de Historia de España da editorial Baía.

Margall).

3. **Federalistas intransixentes** ou **Cantonalistas**: defendían tamén unha federación, pero feita “desde abaixo” mediante a proclamación inmediata da soberanía das unidades políticas inferiores – os Estados ou Cantóns – para construír desde leas, e por acordos libres entre iguais, a federación española (defendida polo movemento obreiro e pequena burguesía, e precedente do anarquismo).

PROXECTO DE CONSTITUCIÓN FEDERAL

Para decidir o modelo de República polo que se optaría, convocáronse eleccións por sufraxio universal masculino. A **vitória dos federalistas gradualistas** fai que se proclame unha República Federal, con Pi i Margall como novo presidente, e que comece a elaboración dun proxecto de Constitución federal (non chegou a aprobarse) moi influída en gran parte pola Constitución dos EE.UU.

No proxecto de **Constitución da Primeira República** destacaban os seguintes puntos:

- Organizaba a España como unha federación de 17 Estados federados (incluídos Cuba e Porto Rico).
- Con soberanía nacional
- A xefatura do Estado correspondía ao presidente da República, elixido por sufraxio universal. Posuía o poder de relación entre os distintos poderes e quen, a súa vez, nomeaba o presidente do Goberno e os seus ministros.
- O poder lexislativo correspondía en exclusiva á Asemblea Nacional Republicana composta por dúas cámaras: O Senado (representativos dos Estados federados) e o Congreso elixido por sufraxio universal masculino.
- Concedíase autonomía aos municipios para elixir alcalde e concelleiros.
- Con separación total Igrexa-Estado, abolición da escravitude nas colonias.

Ferrol foi a primeira cidade de España en intentar proclamar a República en 1872, e tamén alí chégase a crear o Partido Republicano Federal de Galicia, que sería favorable á creación do Cantón Galaico.

AXITACIÓN SOCIAL E MOVEMENTO CANTONAL

Pero enseguida estalan unha serie de problemas:

- 1) Os republicanos **cantonalistas** non aceptan a proclamación dunha república federal e, en lugares de Levante e Andalucía, proclámanse independentes e inician unha revolución social: tomando as institucións, as fábricas... Destaca neste sentido o Cantón de Cartaxena, que dura case medio ano.
- 2) Aumenta a **axitación social**, alimentada pola AIT (Asociación Internacional dos Traballadores), en forma de folgas e revoltas obreiras especialmente en zonas con fábricas. En Alcoi (Alacant), onde había obreiros traballando e vivindo en penosas condicións, chegan a asasinar o alcalde e tomar o control do concello (revolución do petróleo). Estas revoltas obreiras causan temor no seo da burguesía.
- 3) A guerra carlista no norte e a guerra da independencia en Cuba.

A resposta da I República ante estas cuestións foi a de repremir con contundencia todo signo de insurrección. As revoltas cantonalistas fixeron fracasar o proxecto de implantar a federación

desde arriba. **Pi i Margall**, que levaba un mes no cargo, acaba dimitindo. Os gobernos que virán a sucedelo (primeiro o de Nicolás Salmerón e despois o de Emilio Castelar), serán moito máis duros (gobernando por decreto) e represivos (apoiándose no exército para sufocar os diversos conflitos sociais do momento).

Salmerón acaba dimitindo tras negarse a asinar penas de morte contra os rebeldes. **Castelar** consegue poderes extraordinarios da Asemblea para facer fronte ás guerras cantonalistas, a carlista e a de Cuba. Puido gobernar varios meses por decreto, tomando medidas drásticas e represivas e apoiándose nos militares conservadores. O federais descontentos fórzanlo a dimitir. Na sesión para escoller un novo presidente, o xeneral **Pavía** dá un golpe de Estado entrando a tiros no Congreso e disolvéndoo.

A República seguiu un ano máis, co xeneral **Serrano** á fronte e gobernando ditatorialmente; pero, coas Cortes disolvidas e sen Constitución, aquilo xa non era unha República Federal, senón unha República Unitaria, centralista e autoritaria, coñecida como “Ditadura de Serrano”.

Neste contexto, Cánovas del Castillo, político monárquico e conservador, que estivera en Unión Liberal, aproveita o caos reinante para redactar o **Manifesto de Sandhurst**, para que o asine Afonso de Borbón (fillo de Isabel II) e se publique na prensa (27/12/1874). Neste texto, Afonso ofrecíase a ocupar o trono de España para reconciliar aos españois en torno a unha monarquía constitucional, liberal e católica. Cánovas pretendía así lograr unha opinión favorable a restaurar pacificamente a monarquía, sen necesidade de pronunciamentos militares, nin revoltas.

Dous días despois, o 29/12/1874, o xeneral **Martínez Campos** facía un pronunciamento na cidade de Sagunto (Valencia), proclamando, sen oposición, rei de España a Afonso XII. Comezaba así a Restauración borbónica no trono de España, na figura de Afonso XII, e con Cánovas como gran figura e director dese período.